

DESEÑO E EXECUCIÓN DA SEGUNDA FASE DO PACTO LOCAL POLO TERRITORIO COSTEIRO SOSTIBLE.

ANTECEDENTES.

Ao longo do ano 2017, o GALP Costa Sostible desenvolveu o proxecto Pacto Local polo Territorio Costeiro Sostible. Trátase dun proceso de concertación social, con institucións e organizacións de todo o territorio para definir estratexias que permitan adaptar á nosa realidade e facer aplicables os principios do desenvolvemento sostible recollidos na nosa EDLP -Estratexia de Desenvolvemento Local Participativo-.

As conclusións do proceso poden consultarse no documento Pacto Local polo Territorio Costeiro Sostible - Acordando Retos, que, xunto coa EDLP, poden consultarse e descargarse na web www.costasostible.com.

Como proceso aberto que é, forma parte dos acordos, profundar nos traballos de difusión e aplicación dos valores e estratexias contidos no documento, polo que todas as partes implicadas entenden necesario continuar a traballar no Pacto Local como ferramenta de mellora na sostenibilidade de todas as actuacións que se realizan no territorio.

OBXECTO DO CONTRATO.

O obxecto do contrato é o deseño e execución da segunda fase do Pacto Local polo Territorio Costeiro Sostible e inclúe a concepción e execución dos seguintes traballos.

1. Estratexia de sensibilización social.

Deseño e execución dunha estratexia de comunicación social que permita acoutar e difundir prácticas acordadas cos valores e estratexias incluídas no documento da primeira fase, en particular no relativo ao respecto e coidado da paisaxe e ao crecemento inclusivo.

A estratexia de comunicación deberá cumprir os seguintes obxectivos:

- Ser capaz de concretar medidas e prácticas adaptadas ao territorio e ás conclusións da fase anterior e que sexan aplicables por parte das institucións, organizacións e cidadáns da Zona Costeira.
- Apoiarse nos medios de comunicación como intermediarios para a difusión.
- Dar cabida á participación de particulares e colectivos.



2. Estratexia de paisaxe e territorio.

Deseño e execución dunha estratexia, dirixida principalmente á administración local e entidades do sector pesqueiro, que permita introducir nas políticas locais medidas concretas a favor da conservación e da paisaxe natural e cultural, tanto urbana como rural. Estas medidas deben ser de carácter transversal (afectar aos distintos ámbitos de actuación da administración local) e ser aplicables ao conxunto da Zona Pesqueira.

3. Estratexia de desenvolvemento inclusivo.

Deseño e execución dunha estratexia, de características similares á anterior, dirixida principalmente á administración local e entidades do sector pesqueiro, que permita adaptar as políticas locais á realidade social con atención á integración de persoas e colectivos vulnerables. Durante as sesións da primeira fase, definíronse como prioritarios as mulleres, a xuventude e as persoas con discapacidade. Estas medidas deben ser de carácter transversal e aplicables ao conxunto da Zona Pesqueira.

4. Coordinación e outros traballos.

-Os traballos implican a participación de entidades públicas e privadas. A este efecto, debe acordarse co GALP Costa Sostible as entidades a consultar e incluír no proceso, a efectos de garantir a representatividade de colectivos e territorios.

-O contido e calendario de actuacións deberá tamén ser aprobado polo GALP Costa Sostible.

-O adxudicatario elaborará unha memoria final dos traballos realizados, con inclusión de fotografías de todos os actos realizados e calquera outra documentación que acredite o traballo realizado.

-O GALP Costa Sostible porá a disposición do traballo as súas instalacións para a realización de reunións e eventos sempre que as condicións (capacidade e equipamentos) e a dispoñibilidade de datas así o permitan.

-O adxudicatario deberá preparar a documentación necesaria en canto a cartas de presentación e convocatorias. Ademais redactará un mínimo de cinco notas de prensa relacionadas co traballo en datas e contidos acordados co GALP Costa Sostible.





5. Prazo.

O prazo para a execución dos traballos remata o vindeiro 15 de marzo do ano 2019, de xeito que a 20 de decembro de 2018 deberán estar executadas dúas das estratexias sendo obrigatoriamente unha delas a de sensibilización cidadá.

6. Prezo.

O orzamento máximo de licitación é de 21.000,00 euros (IVE engadido), non aceptándose ningunha proposta por encima desta contía.

Requisitos:

- Os distintos licitantes acreditarán a súa solvencia técnica de xeito que quede latente a súa capacidade para desenvolver o contrato.
- Acreditarán a súa capacidade para contratar mediante unha declaración responsable e cumprimentando o anexo II que acompaña a estas bases.
- Acreditarán así mesmo que non existe ningún tipo de vinculación coa entidade contratante.

Prazo e forma de presentación:

- As propostas presentaranse no rexistro do GALP Seo Fisterra Ría Muros Noia sito na Rúa Espírito Santo, 4 da localidade de Noia, ou por correo ordinario, neste caso serán adiantadas por correo electrónico ó enderezo gac4@accioncosteira.es.
- O prazo de presentación rematará no prazo de vinte e catro días naturais contados a partir do día seguinte da publicación das seguintes bases (**31 de agosto ás 14:00 horas**).

DOCUMENTACIÓN A ENTREGAR.

Os licitadores deberán entregar unha Memoria Técnica de, como máximo, 5 páxinas, para a súa valoración, na que se inclúa a súa proposta de traballo para esta segunda fase do Pacto Local polo Territorio Costeiro Sostible no que especifique o contido ou metodoloxía para executar a acción, con detalle para cada unha das tres estratexias indicadas, e un cronograma de realización das mesmas.

Ademais, os licitadores entregarán unha Oferta Económica que deberá incluír de forma expresa o prezo, expresado de forma inequívoca e con detalle do IVE.





Grupos de Acción Local
do sector Pesqueiro
Seo de Fisterra Ría de Muros-Noia:
Costa Sostible



UNIÓN EUROPEA

FONDO EUROPEO MARÍTIMO
Y DE PESCA (FEMP)

Valoración das ofertas

- **60 puntos á calidade técnica da proposta presentada dos cales se asinará un máximo de trinta puntos a estratexia de sensibilización cidadá , e un máximo de quince puntos a cada unha das outras.**
- **40 puntos oferta económica.**

Muros 6 de agosto de 2018



GALP Seo de Fisterra
Ría de Muros-Noia
Costa Sostible
Grupos de Acción Local do
Sector Pesqueiro 2014-2020

Daniel Formoso Moledo
Presidente Galp Costa Sostible



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MAR

galicia